

“2. Resolución de expedientes de contratación

Resolución do expediente de contratación do contrato de obras “Construcción dun Polideportivo Municipal en “A Trabe”, (Ponteceso).

A secretaria le as actas da Mesa de contratación dos días 8 de abril, 20 de abril, 27 de abril, e 06 de maio, así como os informes do técnico e da interventora municipal.

Os membros da Xunta de Goberno Local examinaron o expediente tramitado para contratar, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, o contrato de obras para construír un polideportivo municipal na Trabe, (Ponteceso), segundo o proxecto que redactou o arquitecto José Luís Massó Calzado. A obra ten un orzamento de 1.149.362,00 € (990.829,31 € de orzamento de contrata e 158.532,69 € de IVE). O proxecto aprobouno a Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 11 de marzo de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA, logo de determinar que se cumpriron os requisitos contidos no prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato e de conformidade co establecido no artigo 135 e na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector Público, así como na Resolución da Alcaldía núm. 171/2007, do 22 de xuño, de delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local

1 Declarar válida a licitación e adxudicarlle provisionalmente, á empresa EOC Galicia, S.A. polo prezo de 1.110.628,50 € (957.438,36 € de execución material e 153.190,14 € de IVE) o contrato de obras para construír un Polideportivo Municipal na Trabe (Ponteceso), por procedemento aberto con varios criterios de adjudicación.

2 Notificarlles a adxudicación provisional a todas as empresas candidatas que non resultaron adxudicatarias.

3 Dispor o gasto correspondente con cargo á partida 2009.452.9a.622.00 do orzamento municipal.

4. Notificarlle este acordo á empresa adxudicataria provisional do contrato para que presente a documentación xustificativa de estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calquera outro documento que acredite que é apta para contratar, así como para que constituía a garantía definitiva polo importe de 47.871,92 €, dentro do prazo de 8 días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 9.1.b) do Real decreto ley 9/2008, de 28 de novembro, e no artigo 96 da Lei de contratos do sector público.

5. Publicar a adxudicación provisional do contrato no BOP e no Perfil de contratante do órgano de contratación.”